



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: rendas@arteixo.dicoruna.es

ORDENANZA N.º 34

PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS, RECREATIVOS E OUTROS ANALOGOS

ARTIGO 1. Concepto

De conformidade co previsto nos artigos 41 e 127 do R.D. legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e en exercicio da potestade regulamentaria recoñecida ao Concello de Arteixo, na súa calidade de Administración Pública Territorial, polos artigos 4, 49, 70.2 e concordantes da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, establécese o prezo público por prestación de servizos culturais, deportivos, de ocio e outros análogos

ARTIGO 2. Obrigados ao pagamento

Están obrigados ao pagamento do prezo público regulamentado nesta ordenanza, as persoas físicas ou xurídicas receptoras dos servizos descritos ou que procedan á utilización das instalacións ou bens reflectidos no artigo seguinte.

ARTIGO 3. Contía

1. A contía do prezo publico regulado nesta ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos distintos servizos ou actividades.
2. As tarifas deste prezo público serán as seguintes:

1	Asistencia a espectáculos no auditorio	
1.1	Caché entre 750 € -2.500 €	2,50 €
1.2	Caché entre 2.500 € - 5.000 €	3,50 €
1.3	Caché de mais de 5.000 €	5,00 €
2	Participación en obradoiros e actividades de ocio	
2.1	Participación en obradoiros e talleres culturais, organizados pola Concellería de Cultura	5,85 €
3	Asistencia a actividades	
3.1	Asistencia a campamentos, albergues, intercambios, organizados pola Concellería de Cultura, cada día	8,44 €
3.2	Escolas deportivo municipais	
3.2.1.	Actividades extraescolares deportivas nos colexios públicos	
3.2.1.1	Unha actividade	48,28 €
3.2.1.2	Dúas actividades	60,33 €
3.2.1.3	Tres actividades	108,61 €
3.2.1.4	Catro actividades	120,66 €
3.2.2	Escolas deportivas para menores de idade	
3.2.2.1.	Dous días	47,54 €
3.2.2.2	Tres días	67,88 €
3.2.3	Escolas deportivas maiores de idade (18 a 65 anos)	



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: rendas@arteixo.dicoruna.es

	3.2.3.1.	Dous días	67,88 €
	3.2.3.2	Tres días	81,46 €
3.2.4	Escolas deportivas maiores 65 anos		
	3.2.4.1	Dous días	13,57 €
	3.2.4.2	Tres días	20,37 €
3.2.5.	Escolas deportivas de recuperación funcional		
	3.2.5.1	Dous días	101,82 €
	3.2.5.2	Tres días	122,18 €

3.3	Outros servizos relacionados coa práctica deportiva		
	3.3.1	Torneo fútbol sala CONCELLO DE ARTEIXO	362,64 €
	3.3.2	Xornadas deporte na natureza menores de idade	10,00 €
	3.3.3	Xornadas deporte na natureza maiores de idade	20,00 €
	3.3.4	Xornadas de senderismo fóra do Concello menores de idade	7,00 €
	3.3.5	Xornadas de senderismo fóra do Concello maiores de idade	12,00 €
	3.3.6	Curso equitación menores de idade, por mes	15,00 €
	3.3.7	Curso equitación maiores de idade, por mes	25,00 €
	3.3.8	Campamentos deportivos matutinos, por día	4,00 €
3.4	Actividades desenvolvidas pola Concellería de Servizos Sociais, Xuventude e Educación.		
	3.4.1	Obradoiros, talleres ou actividades desenvolvidas polas Concellerías citadas	25,00 €

4	Escola municipal de música		
	4.1	Por cada materia impartida, ao mes	8,34 €

ARTIGO 4. Fixación

1. O establecemento ou modificación dos prezos públicos corresponderalle á Xunta de Goberno Local, respecto da determinación de que actividades e servizos quedan gravados por prezos públicos e as contías do gravame, en réxime de competencia delegada polo Pleno en uso das facultades previstas no artigo 47.1 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación co artigo 23.2.b) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
2. Toda proposta de fixación ou modificación dos prezos públicos deberá ir acompañada dunha memoria económico-financeira, que xustificará o importe dos mesmos, o grao de cobertura financeira dos custos correspondentes e, no seu caso, as utilidades derivadas da realización das actividades e a prestación dos servizos ou os valores de mercado que se toman como referencia.
3. No acordo de fixación de prezos públicos establecerase a data na que se empezará a esixir o prezo público novo ou modificado.
4. Os importes dos prezos públicos aprobados daranse a coñecer mediante anuncios no BOP e no taboleiro de edictos da Corporación.

ARTIGO 5. Reducións



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: rendas@arteixo.dicoruna.es

1. As tarifas fixadas para a entrada no auditorio terán unha redución do 25% para os colectivos de estudantes de ensinanza homologadas; terceira idade e menores de 12 anos. Igualmente terán unha redución do 20% de ser mercado un abono que incluíra como mínimo tres funcións por semestre. Se do resultado das anteriores operacións resultara unha cantidade con decimais, redondearase até o seguinte decimal rematado en cinco ou en cero.
2. Cando os ingresos da unidade de convivencia non superen os que deseguido se detallan, os usuarios terán unha redución do 50% no importe dos prezos correspondentes ao apartado 3.2.1, do artigo 3, apartado segundo (Actividades extraescolares deportivas nos colexios públicos).

Membros da Unidade de convivencia	Ingresos netos anuais
1	7.240,98 €
2	10.259,45 €
3	13.274,57 €
4	15.688,24 €
5 ou máis	18.101,89 €

Para os efectos deste artigo, entenderase por unidade de convivencia aquela vencellada economicamente ao solicitante. Para o cálculo dos ingresos contabilizarase o dos familiares obrigados a prestar alimentos segundo o define o Código Civil.

ARTIGO 6. Obrigado ao pagamento

1. O pagamento de dito prezo público efectuarase:

a) Para as tarifas sinaladas no artigo 3.2.1 (asistencia a espectáculos no auditorio municipal), no momento de retirar a entrada ou abono correspondente.

b) Para as tarifas sinaladas no artigo 3.2.2.1 (participación en obradoiros e actividades de ocio organizados pola Concellería de Cultura) e 3.2.3.1 (campamentos e intercambios organizados pola Concellería de Cultura), no momento de ter concedida a aceptación preceptiva, sempre con anterioridade ao inicio da prestación do servizo, autoliquidando o importe segundo modelo establecido ao efecto.

c) Nas actividades extraescolares deportivas impartidas nos colexios públicos (3.2.3.2.1), coincidirá co período de desenvolvemento da escola deportiva correspondente, facendose unha prorrata do prezo en tres períodos e nas porcentaxes seguintes:

- Mes de outubro..... 40%
- Mes de xaneiro..... 40%
- Mes Abril..... 20%

d) Nas actividades contempladas nos artigos 3.2.3.2 (escolas deportivas municipais) e 3.2.3.3 (outros servizos relacionados coa práctica deportiva), agás as actividades extraescolares deportivas nos colexios públicos, os prezos prorrataranse proporcionalmente nos casos en que o inicio da actividade teña lugar con posterioridade ao mes de outubro, facéndose o cálculo de xeito proporcional aos trimestres que restan para rematar o curso. Para os efectos deste cálculo, considérase incluído no prezo



CONCELLO DE ARTEIXO

INTERVENCIÓN

RELGA N.º 2000/141

Praza Alcalde Ramón Dopico, 1
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 60 00 09

Móbil: 696 45 45 34

Fax: 981 64 06 67

Email: rendas@arteixo.dicoruna.es

o trimestre que corresponda ao inicio da actividade. En calquera dos supostos anteriores, os prezos terán un incremento do 20% para aquelas persoas non empadroadas no Concello de Arteixo, agás para o contemplado no epígrafe 3.2.3.3.1. (torneo de fútbol sala Concello de Arteixo).

e) Nos obradoiros e actividades organizados polos Servizos Sociais, Xuventude e Educación (artigo 3.2.3.4) con anterioridade ao inicio do obradoiro ou actividade, debendo ingresar o importe do mesmo con anterioridade ao inicio da actividade, segundo recibo establecido para o efecto.

f) Para as tarifas da escola municipal de música, o pagamento realizarase trimestralmente. Así, do día 1 ao 15 de outubro de cada ano, no momento de formalizar a matrícula correspondente, deberá aboar o importe correspondente ao 1º trimestre. Os sucesivos trimestres deberán ser aboados nos últimos 15 días do trimestre anterior, utilizando para tales efectos, o modelo establecido polos Servizos Económicos.

DISPOSICION ADICIONAL PRIMEIRA

As tarifas anteriores incrementaranse anualmente na porcentaxe do I.P.C.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente texto normativo, regulador do prezo público pola prestación do servizo da escola infantil municipal de Arteixo, derroga o aprobado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 28 de decembro de 2006, co título "Prezo público pola prestación de servizos culturais especiais".

A presente modificación aprobouse polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 26 de xuño de 2008, entrando en vigor, unha vez publicado o texto modificado no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo de 15 días previsto no artigo 65.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o día 1 de outubro de 2008, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresas.